



Concello de Castroverde

Expediente 171/2018

DECRETO DE ALCALDÍA

Vista a orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. Núm. 97, publicado con data de 23 de maio de 2018), onde se establece que se *valorará no caso dos concellos (...) que se promova a inserción laboral por conta allea das persoas participantes que rematen o obradoiro con resultado de apto durante un mínimo de 3 meses a xornada completa en empresas do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego.*

Visto que pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, tense concedido, ao abeiro do Obradoiro Dual de Emprego “ O Castro IV”, unha subvención por importe de 13.500 euros, para incentivos para á contratación temporal de nove (9) persoas participantes no Obradoiro, polo importe de 13.500 euros.

Vistas as bases reguladoras para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea, nas que se establece que o importe global para as presentes subvencións será de 13.500 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 241.470 dos orzamentos do Concello de Castroverde para o ano 2019.

Vistas as solicitudes presentadas:

Empresa	Concello	Nº de contratos
Iago Carballés Fernández (33.537.458-P)	Pol	2
Agroforestal Carballés Campos S.L (B27498948)	Pol	2

Vista a proposta feita pola Comisión Avaliadora , RESOLVO:

Primeiro.- Conceder as seguintes subvencións:

Empresa	Nº de contratos	Importe
Iago Carballés Fernández (33.537.458-P)	2	3.000 €
Agroforestal Carballés Campos S.L (B27498948)	2	3.000 €

Segundo.- De conformidade coas Bases da convocatoria as empresas beneficiarias disporán dun prazo de dez días, a partir da recepción da notificación de concesión, para a aceptación da subvención; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada e as contratacións haberán de iniciarse no prazo de cinco días hábiles, a contar desde aquel prazo.

Terceiro.- Os contratos a celebrar terán unha duración mínima de tres meses, a xornada completa.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Concello de Castroverde

Cuarto.- O prazo para a xustificación remata aos dez días da finalización dos contratos subvencionados. As empresas beneficiarias deberán achegar a documentación sinalada na Base 8, das da convocatoria.

Quinto.- Poderá facerse un pago anticipado, a solicitude da empresa beneficiaria, do cincuenta por cento da subvención concedida, coa presentación de copia compulsada dos contratos formalizados.

Sexto.- Notificar a presente Resolución aos interesados.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, don Xosé M^a Arias Fernández, na data da sinatura electrónica á marxe.